



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### MUGARDOS

*Apertura de trámite de información pública - Aprobación inicial do proxecto de Regulamento de prestacións económicas servizos sociais comunitarios*

**Procedemento** Disposicións normativas (aprobación, modificación ou derogación)

**Código SIA** 2475571

**Expediente** 2057/2023.- Proxecto Regulamento de prestacións económicas servizos sociais comunitarios concello de Mugardos

**Trámite:** Anuncio. Anuncio apertura trámite información pública

#### Anuncio

Aprobado inicialmente o proxecto de Regulamento de prestacións económicas servizos sociais comunitarios do Concello de Mugardos en sesión ordinaria realizada polo Pleno con data 31 de xullo de 2024, en cumprimento do disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, ábrese un prazo de información pública durante trinta días hábiles durante o cal ás persoas interesadas poderán presentar as reclamacións e suxerencias que estimen por oportunas.

O cómputo do prazo inciarase a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña do presente anuncio.

Simultaneamente publicarase no taboleiro de anuncios do Concello dispoñible no portal de internet <https://mugardos.sedelectronica.gal/info.0>, e na sección de Transparencia, apartado 2.1 (normativa en tramitación, normativa en fase de información pública) así como no espazo de Participación cidadá na elaboración normativa (Iniciativas en fase de información pública), <https://mugardos.gal/es/participacion-ciudadana-en-la-elaboracion-normativa/>

O expediente está a disposición da veciñanza en formato papel no servizo de Secretaría de 09.00 a 14.00 horas, e o contido dos informes técnicos e o texto completo do proxecto, estarán dispoñibles igualmente na indicado portal de internet, sección e apartado.

No caso de que durante o indicado prazo non se presente observación ou reclamación ningunha, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, levándose a cabo a publicación do acordo e texto íntegro do Regulamento no BOP de A Coruña, sen que entre en vigor ata o transcurso do prazo dos quince días hábiles ao que se refire o artigo 70 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

O texto do Regulamento quedará a permanente disposición do público no enderezo electrónico, <https://mugardos.sedelectronica.gal/info.0> sección Transparencia, apartado Normativa en vigor.

Mugardos, asinado dixitalmente pola alcaldesa accidental, Dna. Ana María Varela Bastida, o 2 de agosto de 2024 (delegación de competencias efectuada pola resolución da alcaldía núm. 2024-0898, de data 31.07.2024).

2024/5557